

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACION O DIA 10 DE NOVEMBRO DE 2016**Asistentes

SR. ALCALDE:
FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ
BERNARDO VARELA LÓPEZ
MARIA TERESA DEVESA GRAÑA
ALBERTO CONDE RODRIGUEZ
MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ
MARIA ISABEL POISA REY
MANUEL CID PÉREZ

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL

SECRETARIO:

Don Maximino Jardón Pedras

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Allariz, cando son as VINTE HORAS (20:00) do día DEZ de NOVEMBRO do DOUS MIL DEZASEIS, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros á marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, a fin de celebrar unha sesión extraordinaria polo Pleno da Corporación.

Non asisten á sesión:

- FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO LOSADA, concelleiro do BNG.
- JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ, concelleiro do PP.
- M^a DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ, concelleira do PP.
- ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA, concelleira do PSdeG-PSOE.

Previamente comunicaron a súa ausencia por razóns persoais.

Sen incidencias.

---&&&---

ORDE DO DIA

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador correspondente á sesión celebrada o día 30/09/2016.**
2. **Cadro de tarifas de auga 2017.- Aprobación da modificación da ordenanza reguladora.**
3. **Cadro de tarifas de saneamento 2017.- Aprobación da modificación da ordenanza reguladora.**
4. **Proposta da alcaldía sobre o abono da paga extra retida pendente de liquidación.**
5. **ORZAMENTO XERAL 2017.- Aprobación inicial, se procede.**

---&&&---

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador correspondente á sesión celebrada o día 30/09/2016.**

Apróbase sen modificación alguna, pola unanimidade dos nove concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local.

2. **Cadro de tarifas de auga 2017.- Aprobación da modificación da ordenanza reguladora.**

Da conta o Alcalde sinalando e recordando que o contrato da concesión en vigor contempla a realización da prestación a risco e ventura da empresa o cal significa que o concello non ten que abonar unha cantidade específica en función do resultado anual da empresa e mesmo recibe da empresa 6.000 euros anuais para melloras na rede e para pequenas reparacións. Por outra para, sinala, a ordenanza establece que as tarifas da auga e saneamento modificaranse en función da variación do IPC anual. Para o exercicio 2017, tomando como referencia o índice agosto/2015-agosto/2016 a variación é de -0,1% e polo tanto esta á a proposta de variación dictaminada pola comisión de facenda.

Polo exposto,

Visto o expediente tramitado;

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda do 07/11/2016;

O Pleno, pola unanimidade dos nove concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local, ACORDA:

Primeiro.- Modificar o cadro de tarifas da taxa polo abastecemento da auga potable en vigor para o ano 2017, cunha modificación do -0,1% correspondente á variación do IPC (agosto/15-agosto/16) sobre as tarifas do 2016, dando nova redación ó artigo 6:

Artigo 6.- Cuota Tributaria.

a) Por dereitos de conexión ou enganche á rede: 50,00 Euros

b) Por consumos:

b.1) Domésticos:

1) Cota fixa por abonado e mes: 4,98 Euros

2) Por tramos de consumos (eur/m3):

| | | |
|---------------------------|------|-------|
| De 0 a 10 m3/ab.mes | 0,36 | Euros |
| De 11 a 30 m3/ab.mes | 0,46 | Euros |
| De 31 a 50 m3/ab.mes | 0,61 | Euros |
| De 51 a 80 m3/ab.mes | 2,08 | Euros |
| De 81 a 100 m3/ab.mes | 4,14 | Euros |
| A partir de 101 m3/ab.mes | 6,91 | Euros |

b.2) Industrias:

1) Cota fixa por abonado e mes: 6,64 Euros

2) Por tramos de consumos:

| | | |
|------------------------|------|-------|
| Desde 0 m3/abonado/mes | 0,76 | Euros |
|------------------------|------|-------|

b.3) Por gravidade:

Por tramos de consumos:

| | | |
|--------------------------|------|-------|
| De 0 a 2 m3/ab.mes | 0,00 | Euros |
| De 3 a 10 m3/ab.mes | 0,34 | Euros |
| De 11 a 30 m3/ab.mes | 0,62 | Euros |
| A partir de 31 m3/ab.mes | 0,76 | Euros |

Segundo.- Aprobar o texto refundido da ordenanza.

Terceiro.- De conformidade co disposto no citado artigo 17.1 do TRLRFL, o presente acordo provisional, xunto coa nova redacción das normas das Ordenanzas fiscais afectadas exporáñse ó público no taboleiro municipal durante o prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Dita exposición anunciaráse no Boletín Oficial da Provincia e comenará a contar o prazo a partir do día seguinte a quel en que teña lugar a publicación do correspondente anuncio. Se non hai alegacións ou suxerencias o acordo provisional convírtese en definitivo sen necesidade de acordo expreso.

Cuarto.- A presente modificación entrará en vigor ó día 1 de xaneiro de 2017.

3. Cadro de tarifas de saneamento 2017.- Aprobación da modificación da ordenanza reguladora.

Visto o expediente presentado;

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda do 07/11/2016;

O Pleno, pola unanimidade dos nove concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local, ACORDA:

Primeiro.- Modificar o cadro de tarifas da taxa polo servizo de saneamento para o exercicio 2016, cunha modificación do -0,1% correspondente á variación do IPC (agosto/15-agosto/16) sobre as tarifas do 2016, dando nova redacción ó artigo 7:

Artigo 7.- Cota tributaria.

A cota pola prestacións servizos da rede de sumidoiros e depuración será a resultante de aplica-la seguinte tarifa:

| | |
|---------------------------------|----------------------------|
| <i>Cuota fixa mensual.....:</i> | <i>3,34 EUROS/abon.mes</i> |
| <i>Consumo.....:</i> | <i>0,07 EUROS/M3</i> |

No caso de verquidos de gran volume con medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa rede municipal, que virtan á rede de alcantarillado un caudal moi superior ao consumido da rede municipal, instalarán ao seu cargo un equipo medidor de caudal, ou no seu defecto se podrá realizar un aforo do verquido e se facturará coa seguinte tarifa:

| | |
|---------------------------------|-----------------------|
| <i>Cuota fixa mensual.....:</i> | <i>3,34 EUROS/mes</i> |
| <i>- Consumo.....:</i> | <i>0,07 EUROS/M3</i> |

Segundo.- Aprobar o texto refundido da ordenanza.

Terceiro.- De conformidade co disposto no citado artigo 17.1 do TRLRFL, o presente acordo provisional, xunto coa nova redacción das normas das Ordenanzas fiscais afectadas exporáñse ó público no taboleiro municipal durante o prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Dita exposición anunciaráse no Boletín Oficial da Provincia e comenará a contar o prazo a partir do día seguinte a quel en que teña lugar a publicación do correspondente anuncio. Se non hai alegacións ou suxerencias o acordo provisional convírtese en definitivo sen necesidade de acordo expreso.

Cuarto.- A presente modificación entrará en vigor ó día 1 de xaneiro de 2017.

4. Proposta da alcaldía sobre o abono da paga extra retida pendente de liquidación.

Da conta o Alcalde sinalando que unha das medidas de recorte tomadas no 2012 afectaba ás pagas extras daquel exercicio que o concello tivo que aplicar, tanto aos traballadores como aos membros do grupo de goberno, se ben no caso destes últimos, non era necesaria tomar esa medida. Posteriormente, como consecuencia dunha reclamación xudicial o concello abonou unha

parte dos dereitos devengados, quedando actualmente pendente de liquidar uns corenta e oito mil euros. Recorda que o Comité de Empresa é coñecedor desta proposta e acepta que se abone no mes de maio como propón o concello.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa Portavoz, Luz Doporto Real, sinala que, evidentemente, están a favor de que, agora que xa se está nunha situación de mellora económica xeral no Estado, se proceda a pagar aos traballadores a parte da paga extra que tiñan pendente de cobrar desde o ano 2012. Entende que tamén hai intención de abonar aos concelleiros con adicación exclusiva a parte que se lles retivo daquela e, ao respecto, recorda que tamén sería bo que se lle pagara aos restantes concelleiros as asistencias que se lle adeudan porque tamén eles traballan e fan aportacións na parte que lles corresponde pola representación veciñal que teñen, e polo tanto, coa mesma sensibilidade que o grupo de goberno ten para se mesmo a teña tamén cos restantes concelleiros e se lles liquide as asignacións a grupos pendentes desde o ano 2015.

Intervén finalmente o Alcalde para indicar que, se ben non hai relación entre unha cousa e outra, admite que o concello ten pendentes as asignacións aos grupos cuxo pago se fai con carácter anual, se ben as asistencias se están pagando con normalidade. Conclúe sinalando que as asignacións aos grupos aboaranse de acordo coas bases establecidas no orzamento.

Polo exposto,

Visto o expediente tramitado;

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda do 07/11/2016;

O Pleno, pola unanimidade dos nove concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local, ACORDA:

Mediante a presente proposta da alcaldía queremos someter á aprobación do Pleno da Corporación o pago das cantidades pendentes de liquidación da paga extra que no ano 2012 o goberno central ordenou suprimir e posteriormente, no ano 2014, foi liquidada nunha parte polo Concello de Allariz en cumprimento dunha Resolución xudicial.

Deste xeito restableceríamos os dereitos económicos que nunca deberían verse afectados por ser parte integrante dos salarios.

A proposta, trasladada ao Comité de Empresa, estimase en 48.319,69 euros e faríase efectiva no vindeiro mes de maio de 2017.

5. ORZAMENTO XERAL 2017.- Aprobación inicial, se procede.

Da conta o Alcalde sinalando que o orzamento, como xa se ten dito en mais dunha ocasión, é un instrumento fundamental de planificación da estratexia para o desenvolvemento económico e social do concello, tanto para os seus propios retos, como tamén para a atención das demandas sociais. Por todos eses motivos é importante que o orzamento, como instrumento fundamental, se aprrobe en tempo e forma.

O orzamento para o 2017 que presenta o grupo de goberno, dictaminado favorablemente pola comisión de facenda ascende a 6.050.791 euros con dúas grandes liñas de estraxia: primar o desenvolvemento económico e social, con especial atención ó fomento do emprego e da actividade económica, facendo realidade o obxectivo de que o concello actúe como locomotora da propia actividade económica, e unha segunda liña de traballo é a de apostar por un concello con calidade de vida con equipamentos e servizos públicos de primeira que nos permitan seguir medrando en poboación, seguir tendo un capital social básico para uso e disfrute dos veciños.

En canto ás cifras, no apartado de gastos, prevense 2.197.191 euros para gasto de persoal (36%); 1.930.600 euros para gasto en bens correntes e servizos; 64.000 euros para intereses da débeda municipal; 66.000 euros para transferencias correntes; 1.200.000 euros para investimentos (19,8%) e 593.000 euros (9,6%) para amortización de préstamos. No apartado de ingresos, os impostos directos (cap.1) ascenden a 1.801.000 euros (IBI, IAE, IVTM); impostos

indirectos (impostos sobre as construcións), 50.000 euros (cap. 2); taxas e outros ingresos (cap. 3) 1.540.000 euros (25%); transferencias correntes (cap. 4) 1.788.000 euros; ingresos patrimoniais (cap. 5) 26.000 euros, o cal significa que os ingresos ordinarios do concello elévanse a 5.205.791 euros aos que hai que engadir-lles as previsións do capítulo 6 de 424.000 euros, transferencias de capital de 401.000 euros (cap. 7), e por último o cap. 9 de 20.000 euros, eleva o orzamento da 6.050.791 euros.

Destaca o Alcalde a diferenza positiva entre os ingresos ordinarios e os gastos ordinarios de practicamente un millón de euros que permite unha estabilidade económica para o propio concello, así como a capacidade inversora e de amortización da débeda contraída. Destaca tamén que nas previsións orzamentarias está o gasto do mantemento dos servizos públicos, o que é a actividade ordinaria do concello, e tamén o esforzo inversor que vai orientado, fundamentalmente, á mellora de equipamentos, para seguir apostando por un concello con calidade de vida, cuns equipamentos que fagan atractivo residir en Allariz. Hai tamén unha previsión importante de 593.000 euros para amortización de préstamos que situaría a finais do 2017 a débeda municipal a longo prazo en 3.175.077 euros que, se lles sumamos os 600.000 euros previstos para pólizas de crédito a corto prazo, situaríase no entorno do 69% dos ingresos ordinarios, por debaixo do 75% do límite legal establecido.

Entre as liñas que contempla o orzamento para dinamización económica destaca a que vai destinada á dinamización da actividade comercial, con programas específicos para o impulso da compra en Allariz, incremento da oferta de produción da carne de boi, mellora do turismo cultural, celebración do 700 aniversario da festa do boi. Dentro deste obxectivo de dinamización económica, está tamén a bonificación do 50% para aquelas empresas que opten por ubicarse no parque empresarial de Chorente, e por último tamén encadra na estratexia de dinamización o impulso da política de eventos culturais que ven desenvolvemento o concello.

No apartado de medidas de mellora de equipamentos encamiñados á calidade de vida, destaca o impulso que se lle pretende dar ó programa RE, pioneiro no tratamento de materia orgánica que, no que vai de ano, supera o 20% de redución das Tm enviadas a Sogama mediante a separación en orixe da materia orgánica, que permite incrementar de xeito moi significativo as cifras, xa elevadas, de separación de envases, do vidro e do papel-cartón e polo tanto o obxectivo é incrementar outro 20% cun impulso deste programa; así como, de acordo coa comunidade escolar, poñer en marcha a proposta de camiños escolares en colaboración coa Deputación Provincial se finalmente se plasma o plan de mellora de infraestruturas deportivas no que o concello financiaría un 40% a dotación ao segundo campo de fútbol de herba sintética, dado o incremento que hai de equipos e de practicantes na cidade deportiva de O Seixo, así como continuar coa política de atención ás pavimentacións, asfaltados e actuacións que as asociacións de veciños teñen formulado ó longo deste exercicio e que permitirán tamén a súa execución no 2017.

Destaca tamén o Alcalde as partidas que teñen que ver coa financiación de gastos e servizos públicos, en concreto cos servizos sociais, nos que o concello fai un importante esforzo, con 461.220 euros que permite atender todos os servizos da área de benestar social ou no ámbito educativo onde a aportación do concello á escola infantil, transporte escolar e mantemento do CEIP supón unha aportación de 232.355 euros; ou no ámbito cultural onde a programación festiva e cultural ten un importe de 254.283 euros; ou tamén mesmo no ámbito deportivo, o conxunto das instalacións deportivas significa un gasto de 432.805 euros. No conxunto destas áreas, moi significativas polo que significa a calidade de vida dun concello, teñen practicamente un 25% do gasto municipal.

O orzamento, sinala, está complementado tamén co orzamento da empresa municipal Reatur cun orzamento de 239 mil euros. Na súas previsións hai unha moi significativa de 100 mil euros que se corresponde cos alugueres que o concello está a pagar a través de Reatur ós propietarios dos baixos alugados para as tendas dos outlets o cal tamén é unha forma importante de contribuir á dinamización económica e mesmo favorecer a pequenos propietarios cunha renda complementaria dos seus propios ingresos. E no que ten que ver co funcionamento do camping e da hípica a empresa xoga un importante papel na dinamización turística e económica do concello. Así, a rede museística rexistrou mais de 8.000 visitantes que entraron no parque etnográfico do Arnoia a través de Reatur, ou que as pernoctacións nos bungalós deron acollida a mais de 1.500 persoas ou 7.000 no camping, o que destaca o papel de axente dinamizador da economía local.

Non se contempla por parte de Reatur ningunha operación de crédito a corto prazo nin a longo prazo, e a 31 de dembro a cantidade que tería pendente de amortizar dos préstamos vixentes é de 70.712 euros.

Conclúe a súa intervención sinalando que os orzamentos, ao seu modo de ver, son orzamentos que van na liña de asentar o modelo municipal que o BNG puxo en marcha, procurar os obxectivos de dinamización económica e calidade de vida, e tamén de responder a moitas das demandas que os veciños teñen formulado para a atención ás necesidades e servizo públicos municipais, polo mesmo, o BNG vaille dar o seu apoio e votar favorablemente.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, sinala que acabamos de escoitar unha longa exposición que é outro brindis ó sol, neste caso co orzamento que se está a presentar neste momento. É un brindis ó sol porque é mais do mesmo, afirma. O Alcalde, sinala a concelleira, destacou que o orzamento sigue dúas grandes liñas estratéxicas como son a creación do emprego e a calidade de vida. Para que nun concello, afirma a portavoz, haxa calidade de vida o importante é que os habitantes, os veciños, teñan nos seus petos os cartos suficientes e necesarios para poder vivir e poder disfrutar dos equipamentos básicos e extraordinarios que o Alcalde acaba de expoñer. Hai que ter moito rostro, afirma, para facer a lectura do orzamento para o 2017 e por cuarto ano consecutivo ocultar que lles volve a subir o Ibi, ¿é eso calidade de vida para o veciños?, preguntase a portavoz. A presión fiscal que temos neste concello, ¿acaso cree o Alcalde que redunda na calidade de vida dos veciños?. Se Allariz quere ser un concello social, dos que tanto presumen os gobernos de esquerda como o BNG, afirma, hai que empezar por selo de primeira mán. É unha falta de consideración, sinala, falar de que, entre as inversións que se queren levar a cabo, e noutras circunstancias o PP estaría completamente de acordo, porque son equipamentos e porque a relación de espazos públicos en Allariz está moi ben, pero que se pretendan gastar 440.000 euros nun novo campo de herba artificial cando aínda temos 14 pobos sen completar servizos de saneamento é verdadeiramente un insulto á intelixencia de todos os veciños de Allariz. É unha realidade que o grupo de goberno non pode negar, afirma.

Sobre o superavit orzamentario ao que o Alcalde fixo alusión, a portavoz sinala que ao PP lle ten moi sorprendido pois facendo un repaso das contas dos últimos anos eiqú só caben tres posibilidades. Cando o Alcalde fala dun superavit dun millón de euros non lle dí á xente que cando cerra as contas normalmente hai un déficit considerable, de feito levamos tres anos consecutivos minorando o orzamento ou aprobando con superavit o orzamento, cargándonos as inversións. Isto non se pode negar porque os datos saen das propias contas. Así, no ano 2013, o exercicio cerrouse con 476.006 euros de déficit; o 2014, con 509.000 euros de déficit, e o 2015, con 392.000 euros, e non sabemos cómo se cerrará o ano 2016.

Con respecto ás inversións ás que se referíu, hoxe apróbase o orzamento e seguramente dentro de catro meses estaremos facendo un expediente de modificación de créditos para dar de baixa partidas como o programa porta a porta que se deu de baixa no 2016; ou os ingresos polo cemiterio de Vilanova, tamén o programa de aforro enerxético tan importante para recuperar o alumeadado público de calidade en Allariz, ou o parque empresarial de Chorrente e os proxectos de reserva da bisofera, por eso, con todos os axustes contables que se levan a cabo, ao final o orzamento é unha falacia. A única realidade é que con este orzamento págase a debida aos bancos, os salarios aos traballadores e o gasto corrente. A inversión, practicamente 0, afirma.

Sobre o superavit orzamentario, no 2013 e no 2014, canceláronse dereitos por importe de 3.104.000 euros, afectando ós últimos once exercicios contables. As posibles causas destas cancelacións poden ser tres: prescripción, sen esquecer que o concello pode ter responsabilidade por deixación, por non cumprir co seu deber de recadar en vía executiva as débedas dos particulares. Esta é a causa que aduce maioritariamente, o cal afecta ao resultado orzamentario. Outra razón pode ser por erros continuados na contabilización porque o concello utiliza unha pésima forma de contabilización, non axustada ás normas, pois contabiliza como ingresos do orzamento ingresos dos orzamentos pechados e así pode xustificar o suposto superavit orzamentario, pero isto sería un error de contabilización, ou non se revisan os peches e non se depuran os dereitos cerrados nos mesmos exercicios nos que se producen os erros de contabilización. En último lugar, podería ocorrer que se contabilizan dereitos pendentes de cobro ao peche sen soporte documental, mecánica contable que está expresamente prohibida, por eso

conclúe que os resultados orzamentarios son incorrectos desde alomenos o exercicio 2005, polo que considera que a contabilidade non reflicte unha imaxe fiel das contas do concello.

Os orzamentos están sempre inflados porque, como consecuencia dos remanentes negativos de tesourería, todolos anos hai que minorar o orzamento aprobado. A mala situación económica municipal derivase dun exceso de endebedamento polo que hai que pagar anualmente mais de 650 mil euros, e se a situación económica evoluciona desfavorablemente pode chegar ata os 750 mil euros ano. Nesto vaise como unha locomotora, no endebedamento, afirma. Dentro destas prescricións que se deron no ano 2013 chámalles a atención que se dera de baixa a débeda que temos coa Xunta de Galicia pola ETAP.

Con respecto ao Ibi, nos últimos 6 anos duplicáronse os ingresos. No ano 2011, presupuestábanse 850.000 euros de previsión de ingresos por Ibi e cobrábanse 770.000 euros. No ano 2015, presupuestáronse 1.364.000 euros e ingresáronse 1.336.000 euros, e agora para o 2017 prevense 1.430.000 euros. ¿Por qué se esconden estes datos ós veciños?, pregunta a portavoz. Para vivir na locomotora de Allariz somos o concello con maior presión fiscal da provincia; tamén o concello mais endebedado da provincia. Isto está nos boletíns. Tamén saíu na prensa, sinala. Os recibos chegan ás casas e todos ven cómo se teñen duplicado, quen pagaba 100, agora paga 200. En xaneiro vaiselle pasar ós veciños o segundo catastrazo, afirma, cunha nova subida do Ibi. Allariz é o municipio con maior número de parcelas edificadas da provincia por habitante, 1,17, 7.075 parcelas con 6.060 habitantes. O Barco ten 0,27, O Carballiño 0,33, Rivadavia 0,55, Ourense capital 0,17. Allariz é o concello con maior presión fiscal. Hai outro dato que resulta mais impactante: Allariz emite 17.000 recibos. Parece que non chega cos incrementos do tipo de gravamen, do 0,5 ó 0,6, cos incrementos consecutivos do 10% no valor catastral, que influye en todos os actos xurídicos documentados, tamén na declaración da renda. Ningún concello da provincia está por enriba destes ratios, afirma a portavoz. Verín ten 18.000, tendo mais do dobre da poboación. Isto é un escándalo, afirma. O goberno do BNG, nin é social, nin é solidario, nin realmente é unha locomotora para Allariz, afirma a portavoz, nin realmente fan nada desde fai anos pola economía alaricana, porque se non fora pola inversión privada Allariz hoxe sería un pobo morto, afirma. A subida de impostos é a medida mais insolidaria que un goberno pode ter de cara ós seus veciños. E vostede é o Alcalde mais insolidario de toda a provincia, afirma; e o concello do BNG é o concello mais insolidario, coas políticas mais insolidarias de toda a provincia, afirma a portavoz.

Intervén a continuación o Alcalde para sinalar que de todo o dito hai aspectos que non parece moi lóxico que se expresen nos termos que se fan. O concello presenta uns orzamentos que son fiscalizados polos técnicos municipais, que son fiscalizados polo Ministerio de Facenda, polo Consello de Contas, polo Tribunal de Contas, tamén trimestralmente polo Ministerio de Facenda e polo tanto non son papeis que poden aguantar calquer cousa. Cando se aproban, criticase dicindo que se pon calquer cousa, cando se liquidan e se ve que o resultado orzamentario é dun millón de euros de ingresos mais que os gastos, entón acúdense a outro tipo de argumentacións para descalificala, pero o certo é que o resultado orzamentario ten sido positivo todolos anos. Afirma o Alcalde que do que mais presume e se sente orgulloso é de Allariz, do concello, da calidade de vida que se disfruta, e do apoio que recibe dos veciños. Pero postos a criticar, critica que os concellos galegos teñamos unha discriminación financeira por parte do Estado que leva que Allariz reciba medio millón de euros menos dos que tería que recibir, sen entrar no problema da dispersión poboacional, e non é o mesmo prestar os mesmos servizos a 6.049 habitantes nun só nucleo que os mesmos habitantes repartidos en 92 núcleos. Esta realidade tan inxusta, sinala, o Goberno non só non a cambiou senon que o que fixo foi subir unilateralmente os gravames que se aplican no Ibi; o concello de Allariz está no 0,6 que é o mínimo legal que se pode aplicar. Ós concellos, en vez de darlles mais financiación, aínda nos siguen recomendando que apliquemos esta política. O grupo de goberno está de acordo en que hai que pagar uns impostos xustos pero o que non se pode é mentir sobre esta cuestión, sinala. No ano 2014, recorda o Alcalde, o concello de Allariz tivo 1.304.922 euros de ingresos por Ibi; no 2015, 1.336.000 euros; agora prantéxase recadar 1.364.000 euros. Con estas cifras non se pode falar de catastrazo. Catastrazo é o que intentou facer o goberno do PP e coa política que quixo aplicar cobrándolles 60 euros de taxa por cada un dos inmobles que foron obxecto de regularización. Admite que en materia fiscal hai que ser prudentes pero que eso non debe dicilo o Partido Popular que subiu o IVA do 18 ó 21%, un imposto que é ben inxusto porque non se paga en función do que ún ten, ó contrario do Ibi que paga en función do seu valor. Reprocha o Alcalde ó Partido Popular que agora parece que xa non toca falar de débeda porque xa non é un problema pero sí de presión fiscal cando en Allariz o 92% do veciños paga os seus impostos en via

voluntaria, pero se houbera que falar de débeda a do Estado sí é escandalosa porque despois de todos os recortes en educación, sanidade e en todos os ámbitos de obra pública resulta que a débeda do Estado non fai mais que dispararse, mesmo agora tamén o déficit, tanto que temos unha ameaza de sancións pola Comisión Europea; e na Xunta de Galicia pasa exactamente o mesmo. Non lle pide á portavoz do PP que concorde co orzamento que presenta o grupo de goberno pero as contas cando son fidedignas haberá que estar de acordo con elas, porque están suxeitas a moitos controis. Un indicador de se as políticas aplicables desde o concello son eficaces ou non son os parámetros dos equipamentos públicos que miden a calidade de vida dos veciños. Estes equipamentos, sinala, son modélicos, que ninguén discute, non hai mais que ver as instalacións da cidade deportiva, o Fogar dos Maiores, a Casa da Mocidade ou calesquera outra infraestrutura de servizos que están a disposición dos veciños; pero tamén presentan moitas iniciativas de desenvolvemento económico como é o caso dos outlets, como a propia concelleira recoñece. Pero o mellor indicador de se unha política é acertada ou non tamén está na evolución demográfica que non se aprecia noutros concellos de características similares como Ribadavia ou Celanova que sempre tiveron mais habitantes e agora teñen menos que Allariz, que ten unha marca que funciona, que asocia ó concello cunha transformación positiva, na que o concello xoga un papel de locomotora. Recorda terlle oído ó Partido Popular que se eles gobernarán pecharían a piscina climatizada porque pensaban que non era o mais importante, polo mesmo, se así fora, o goberno municipal podería decidir amortizar os préstamos a longo prazo dunha vez a cambio de pechar o festival de xardíns, a piscina climatizada, a feira de outono e mesmo se non incentivamos a produción de carne de boi e se pechan os museos, con todos eses recortes as contas municipais probablemente terían moito mais superavit, pero eso afectaría de xeito moi importante ó emprego, a actividade económica, e polo tanto, o goberno municipal entende que non é lóxico facelo.

Por todo elo, entende o Alcalde que o orzamento é acaido porque prantexa uns obxectivos ambiciosos para o 2017 e as críticas que lle fai o Partido Popular non hai mais que contrastalas cando se liquide dentro dun ano, para comprobar se as previsións e os obxectivos son acidos ou non. Sinala por último que, se ben é certo que se está saíndo dunha crise económica moi forte, tamén é verdá que as políticas aplicadas a nivel municipal polo grupo de goberno teñen permitido paliar en certa medida esa situación, para que non houbera un derrumbe da actividade económica, comercial, turística, mesmo do sector industrial, pero tamén de que o medio rural teña actividade económica e teña algunha posibilidade de futuro. Polo mesmo, non cree que os orzamentos sexan unha carta aos reis magos.

No turno de réplica, a portavoz do Partido Popular, Luz Doporto Real sinala que non hai que esperar ao que vai pasar a finais do 2017, pódese facer xa un repaso do que está a pasar no 2016. Cando se pechou o 2015, tínhamos un déficit de 392.000 euros e para resolvelo ¿qué se fixo co anexo de inversións?, pregunta a concelleira. Deuse de baixa o programa de recollida porta a porta, eliminouse a previsión de inversión para o cemiterio de Vilanova, tamén se eliminou a previsión para investimento en aforro enerxético, tamén a prevista para o parque empresarial de Chorenta e tamén os proxectos previstos para a Reserva da Biosfera. É dicir, para enxugar o remanente negativo de tesourería do 2015 borrouse dun plumazo o anexo de inversións do 2016. Daquela, cando se aprobou o orzamento do 2016, recorda que o Alcalde empregou as mesmas palabras na súa defensa dos orzamentos que son as mesmas que agora se empregan para defender o orzamento do 2017, pero ano tras ano a realidade da débeda desmonta as previsións orzamentarias que se presentan. Sobre as subidas do Ibi, recorda que recentemente se publicou un artigo en prensa no que o periodista afirmaba que "o político de turno dirá ao contribuinte que o Ibi non subiu pero ó facelo na base sobre o que se aplica o valor catastral o recibo incrementase, é dicir, o mesmo só que doutra forma". Nesto o Alcalde non entra pero o certo é que o Ibi ós veciños o recibo súbelles todolos anos, non hai mais que ver os recibos, afirma. "Tamén, continúa co cita, se lle pode dicir ó contribuinte que a revisión ven de Madrid, como se acaba de afirmar, pero foron os propios concellos os que a solicitaron segundo indica o propio Ministerio. De feito, para que os 35 concellos de Ourense podan actualizar os valores catastrais tiveron que facer tres cousas: comunicalo á Dirección Xeral do Catastro antes do 31 de maio pasado; xustificar diferencias importantes entre os valores que actualmente teñen os inmobles e os de mercado, e ter transcorrido alomenos cinco anos desde a última actualización catastral. En ningún caso, a revisión catastral non se pudo levar a cabo sen que o concello o quixera e o solicitara. Dos 35 concellos que solicitaron a revisión, só tres habían actualizado o catastro a partir do ano 2000: Allariz (2000), Celanova (2002) e Barbadás (2008)." O que é unha evidencia non se pode negar, afirma a portavoz, porque o resultado do que chega ós bolsillos dos alaricanos non se pode negar. A realidade é tozuda e demostra que a xestión deixa bastante que desexar e ten moito que arreglar.

Conclúe o Alcalde sinalando que non lle cabe a menor dúbida de que hai moito que arreglar, mellorar, pero non nega a realidade. Está convencido de que este orzamento vai contribuir a seguir facendo o Allariz que queremos, de que os veciños son conscientes de que teñen uns equipamentos de primeira, de que en ningún caso teñen unha situación fiscal inasumible; que cando o concello subiu o tipo de gravamen ó 0,7%, porque a ponencia de valores é do ano 1999, polo tanto os valores catastrais eran moi baixos de modo que as actualizacións do 10% son as que levaron a que o gravamen baixara ao 6%, o mínimo legal establecido, igual que temos unha política de equipamentos e servizos públicos que todos poden comparar. Se hai veciños de Ourense e doutros concellos limítrofes que veñen á piscina climatizada é porque ten unhas tarifas módicas. Tamén hai xente de fora que ten os seus vehículos domiciliados en Allariz porque as súas tarifas son módicas, o mesmo pasa coas escolas deportivas e culturais e con todos os servizos municipais. Sería enganar á xente decirlles que sería posible facer mais cousas sen ter recursos para facelas; porque é con recursos municipais, como o Ibi, cos que se financian todos os servizos públicos que o concello ten, incluídos aqueles que teñen por obxectivo axudar ás persoas que mais o necesitan, como son os que presta o Fogar dos Maiores a través de programas como os de axuda a domicilio e outros de carácter social. Un concello que tivera unha presión fiscal apabullante, cuns servizos públicos desastrosos, que tivera unha política non creíble, a xente non viría ou se marcharía, e a realidade non é esa, porque tamén teñen propiedade noutros concellos e saben comparar. Considera que hai unha política de equilibrio entre o que se contribúe e o que se recibe a cambio en equipamentos e servizos e eso é o que se compromete a facer ó longo do ano 2017.

Polo exposto,

Visto o expediente que se tramita para a aprobación do Orzamento Xeral da Entidade para o 2017 integrado polo propio do Concello e o correspondente á sociedade mercantil de capital integramente municipal, REATUR, S.A., e Medioambiental Alaricana S.L. que non prevé actividade algunha durante o exercicio.

Comprobado que na súa tramitación cumpríronse os requisitos previstos no artigo 162 e seguintes da Lei Reguladora das Facendas Locais, texto refundido aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, así coma os artigos 18 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrolla o capítulo 1º do título 6º da citada Lei 39/88, é polo que;

De conformidade co dicatamen favorable da comisión de facenda do 07/11/2016

O Pleno, pola maioría absoluta legal, co voto favorable dos concelleiros do grupo municipal do BNG (8) e co voto en contra do grupo municipal do PP (1), ACORDA:

1º.- Aprobado o Orzamento Xeral do Concello de Allariz para 2017 integrado polos seguintes orzamentos:

a) O propio do Concello que ascende a **6.050.791 euros**, en ingresos, e igual importe en gastos, aprobándose en estado de equilibrio.

b) O da empresa de capital integramente municipal, REATUR S.A.

2º.- Aprobado as Bases de Execución do Orzamento.

3º.- Aprobada a plantilla de persoal que se estrutura en persoal funcionario, laboral fixo e laboral temporal.

4º.- Aprobado o límite de gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos do orzamento, conforme ao disposto no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, quedando establecido en 4.039.707 euros.

5º.- Dispoñer que tra-la aprobación inicial se abra un trámite de exposición pública do expediente por prazo de 15 días mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados podrán examinalo e presentar reclamacións diante o Pleno. Se durante o citado prazo non se presentaran reclamacións o Orzamento considerárase definitivamente aprobado; no caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

O presuposto, definitivamente aprobado, insertarase no Boletín Oficial da Provincia resumido por capítulos, incluíndo o propio da Entidade e tamén os das Sociedades Mercantis Municipais, e simultaneamente remitirase unha copia á Administración do Estado e á Administración correspondente da Xunta de Galicia.

6º.- Facultar ao Sr. Alcalde tan amplamente como en dereito proceda para executar os presentes acordos, podendo expedir, asinar e corrixir os erros materiais e involuntarios que se observen nos documentos aprobados.

E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinte horas e corenta minutos do mesmo día do seu comezo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO

